



A Real Academia Galega inicia en Vigo os actos de homenaxe a Álvarez Blázquez

VOTE ESTA NOTICIA



MAR MATO / VIGO A historia e a Real Academia Galega (RAG) fixeron onte xustiza con Xosé María Álvarez Blázquez, o autor tudense ao que se lle adica este ano o Día das Letras Galegas. O que fora cronista oficial da cidade de Vigo, editor, poeta e ensaísta conseguiu facer realidade (despois de morto) un desexo incumprido desde o ano 1964: que fora lido na cidade olívica o seu discurso de ingreso na Academia. Membros desta institución, concelleiros, o alcalde vigués e numerosos escritores acudiron ao Pazo de Castrelos e ao edificio da Alcaldía para presenciar o fito. Con el, a RAG abriu o ciclo de actos do Día das Letras Galegas na comunidade.

Xa o sinalara o presidente da Academia na publicación do discurso de Álvarez Blázquez "Cantares e romances vellos prosificados": "Volver a Vigo -apuntara- supón tamén, máis alá da nota sentimental reparadora, un chamamento á cidade que o acubillou para que honre a memoria dun fillo ilustre que entregou boa parte da súa obra intelectual e creativa para a defensa e orgullo da nosa cultura".

A "nota sentimental reparadora" á que fixo referencia Barreiro consistiu nun acto no que Xosé María Álvarez Cáccamo (fillo de Álvarez Blázquez) releu o discurso que seu pai ofrecera no 1964 para entrar na Academia; mentres que Fermín Bouza Álvarez, fillo de Fermín Bouza Brey, releu a resposta que o seu devanceiro lle facilitara a Blázquez.

98 anos fóra da cidade

O apuntamento emotivo onte tamén veu dado ante o reencontro da cidade coa Real Academia Galega xa que desde 1910 non acollía un acto oficial da RAG. Naquel ano, celebrárase unha sesión da Academia no antigo concello (na Praza da Princesa) presidida por Manuel Murguía. Precisamente, o alcalde vigués, Abel Caballero, fixo referencia sinalando que "este é un día importante para a cidade (...) a Real Academia Galega -que conta coa súa sé en A Coruña- volve a estar connosco".

O reencontro histórico foi agradecido cunha masiva presenza de persoeiros da cultura nos dous actos celebrados onte na cidade e nos que non faltou a anécdota. Esta chegou cando o presidente da Academia Galega, no Pazo de Castrelos, daba grazas ao alcalde vigués así como á cidade por acoller o acto ao tempo que facilitaba un "recoñecemento á cidade de A Coruña". Aínda non acabara de pronunciar as verbas, cando os presentes escacharon o momento cunha gargallada que fixo sorrir a Barreiro quen se excusou polo erro que calificou de "lapsus". E é que tantos anos sen visitar Vigo para os actos da Academia pasáronlle factura ao seu presidente que, por un momento, pensou que se atopaba -unha vez máis- na urbe herculina.



Xosé María Álvarez Cáccamo (esquerda) e Fermín Bouza Álvarez (segundo pola esquerda) releron o discurso dos seus pais no 1964. / j. lores

MULTIMEDIA

[Fotos de la noticia](#)

NOTICIAS RELACIONADAS

*** A institución proporá aos académicos crear unha sé en Vigo a petición de Abel Caballero. Sociedad y Cultura**

BUSCADOR VI


Operación

 comprar
alquilar

Anúnciese gra

El portal inmo


farodevigo

1. La construc
pese a factura
2. Un estudio
metropolitana
3. Un conduct
los daños en s
4. Los refuerz
5. Nava Castri
salida en las li
6. Sin más cor
7. Las urgenci
8. Souza: "Me
9. Un testigo
antes de la col
10. El Salama

FARO DE VIGO

EMEPEQU

FARO DE VIGO


COMPARTIR


ENVIAR PÁGINA »
IMPRIMIR PÁGINA »
AUMENTAR TEXTO »
REDUCIR TEXTO »